



Centro Asociado-UNED A Coruña

Educación, 3 - 15011

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 6 de outubro de 2019

O PRIMEIRO DIRECTOR DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN A CORUÑA

D. FERNANDO SEOANE PRADO IMPARTIRÁ A LECCIÓN INAUGURAL DE APERTURA DE CURSO 2019/2020 NA UNED A CORUÑA

Cerimonia que presidirá o Vicerreitor de Persoal Docente e Investigador da UNED, D. Miguel Miguens Vázquez, acompañado do Alcalde de Ferrol e presidente da Xunta Reitora do Consorcio, D. Ángel Mato Escalona.

O Centro Asociado UNED A Coruña celebrará o seu tradicional acto oficial de apertura curso o próximo 10 de outubro.

A cerimonia, que dará comezo ás 18:30 horas no salón de actos da sede na Coruña, estará presidida polo Vicerreitor de Persoal Docente e Investigador da UNED, D. Miguel Miguens Vázquez e durante a mesma, como en anos anteriores, entregaranse os diplomas aos titulados durante o curso 2017/2018. A lección inaugural titulada "*O Centro da UNED de A Coruña desde a miña experiencia persoal*", correrá a cargo do primeiro Director do Centro Asociado da UNED en A Coruña, D. Fernando Seoane Prado

Fernando Seoane Prado é doutor en Química (1978) coa cualificación de Sobresaliente *cum laude*. Licenciouse en Ciencias (Químicas) na Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1975, coa cualificación de Sobresaliente e obtivo o Premio Extraordinario de Licenciatura. En 2001 licenciouse en Dereito pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Entre 1982 e 1989 foi director do Centro Asociado á UNED da Coruña onde exerceu de profesor-titor de Química ata o curso 2018/19.

Na súa longa traxectoria profesional ostentou diferentes cargos, destacando o seu labor como Xerente da Universidade da Coruña (UDC) (1989-1990), Secretario provincial do INSS da Coruña (1991), Xefe de área de Xestión e Informática da Xerencia Rexional de Galicia do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria (1991-1999), Xefe de Área de Xestión e Informática da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia (1999-2005) e Presidente do Tribunal Económico-Administrativo municipal da Coruña desde xuño de 2005.

A Coral Polifónica "El Eco" interpretará o *Gaudeamus Igitur* o finalizar a cerimonia.

Datos de contacto: Jose Manuel Varela Senra/Laura Sánchez Pérez

✉ comunicacion@a-coruna.uned.es

☎ 652 94 21 95 / 620 67 34 6